

Regulamento

II TRAIL DOS FOUCELLAS

A Asociación de Veciños Tabeirón de Baio organiza a segunda edición do Trail dos Foucellas. Coa pertinente autorización do Concello de Zas.

FORMATO DO TRAIL

Tendo en conta a situación actual, plantexamos unha proba un tanto atípica e novidosa que detallamos a continuación.

Trátase dunha proba Conxunta en canto a percorrido e clasificación final pero realizarase o percorrido de forma individual por parte de cada un dos participantes.

Por tanto, o Trail Non terá unha saída unificada, senón que cada participante fará o recorrido de forma **individual**.

No momento da Inscripción darase a opción de inscribirse para un so dos tres días nos que se desenrola a proba.

Na data elixida, o participante poderá competir en calquera momento ó longo dos horarios establecidos pola organización e que están indicados en este regulamento.

Para poder fazer a cronometraxe da Proba, apoiarémonos en unha aplicación informática. Cada corredor deberá descargar no seu dispositivo móbil a App **Ranckr Live** que terá que iniciar no momento da saída do Trail e correr con ela activada, de forma que xa se vai subindo o Track segundo se vai recorrendo o circuito. No momento de Chegar a meta o corredor terá que parar a grabación na App de forma que xa se cerran os tempos.

Desta forma a organización contará co crono de cada participante e poderá establecer as clasificacións.

Non contaremos por tanto con Saida Conxunta, nin avituallamentos. Tampouco será necesario contar con dorsais posto que a propia App identifica a cada participante.

PROTOCOLO COVID 19

Non contaremos na proba con saída/chegada conxunta, entrega de dorsais, servizo de roupeiro nin entrega de premios así como calquera outra situación que conleve agrupación de persoas.

A efectos da Regulación/Protocolo para o Covid-19, o II Trail dos Foucellas ten a consideración dunha proba individual sobre un circuito comun. Deste xeito, será responsabilidade de cada participante aplicar a normativa en vigor indicada pola Consellería de Sanidade e a Secretaría Xeral para o Deporte da Comunidade Autónoma de Galicia, para a practica de deporte individual ó aire libre.

Será responsabilidade dos participantes respectar a distancia Interpersoal así como a utilización de mascarilla segundo as normativas en vigor establecidas polas autoridades sanitarias antes, durante e ó remate da Proba.

SAIDA E META

O percorrido será circular e o punto de inicio/fin situase na Carballeira de Baio (Zas).
Coordenadas (43.1436326, -8.9632073).

DATAS E HORARIOS

O Trail celebrarase os días 10, 11 e 12 de Outubro de 2020.
Os horarios establecidos pola organización serán:

De 9:30 a 13:30
De 15:30 a 19:30

DISTANCIAS:

Distancia aproximada de 12 km, percorrendo en todo momento as marxes do Rio do Porto e os seus afluentes.

PARTICIPANTES E CATEGORIAS:

Poderán participar as persoas que o desexen, maiores de 18 anos, ata un máximo de 225 por rigoroso orde de inscrición. Establécese un sub-límite máximo de 75 participantes para cada un dos tres días da proba.

Establécense dúas categorías:

- Absoluta Feminina
- Absoluta Masculina

INSCRIPCIONS

As inscricións faranse a través da web **www.ranckr.com**

Prazo:

Dende o 24 de Setembro ata o 8 de Outubro as 24:00

Coste:

Cinco Euros para todas as categorías

O abono do importe de inscrición realizarase a través da plataforma de pago habilitada a tal fin de <https://inscripciones.ranckr.com/eventos>.

Unha vez aboado este importe, non se devolverá por ningunha causa, excepto pola suspensión da proba antes do seu inicio.

SINALIZACIÓN

O percorrido estará marcado e balizado pola organización con marcas de cor amarelo, e outros elementos de sinalización ubicados a intervalos regulares, dependendo da tipoloxía do terreo e dos camiños. **E responsabilidade de cada participante localizar a sinalización e seguila.** Será obrigatorio seguir o itinerario marcado, **O corredor que atalle ou recorte o itinerario marcado, a criterio da Organización, será penalizado.** Asimesmo, **o corredor que non pase por todos os puntos de paso** establecidos ou que utilice algún medio mecánico para o seu desprazamento, **será desqualificado.** O recorrido cruza en dúas ocasións a Carretera AC-404 que **non estará cortada o tráfico rodado** ni haberá persoal da organización controlando estos pasos, aínda que estará debidamente sinalizada. Os participantes deberan atender as normas xerais de Tráfico ou as indicacións da Organización. Será obrigatorio cruzar esta carretera polos pasos ou lugares habilitados para a ocasión, debidamente sinalizados.

MODIFICACIONES

Quedarán desqualificados todos aqueles que non cumpran o presente regulamento, non complete a totalidade do percorrido, deteriore ou ensucie o entorno, ou desatenda as indicacións da organización.

A organización reservase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba si as condicións meteorolóxicas, sanitarias ou de calquera outra índole o aconsellasen.

Os participantes están obrigados a auxiliar os accidentados e a respectar as normas de circulación nos cruces de carreteras.

Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización quedando totalmente prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir os corredores en moto, bicicleta, quad por todo o circuito.

SEGUROS

Os participantes no momento de inscribirse e satisfacer a cota serán incluídos como beneficiarios nunha póliza colectiva de accidentes deportivos contratada a tal efecto e polos límites legalmente establecidos segundo se indica na Lei do Deporte da Xunta de Galicia.

A Organización contratará Tres pólizas de Seguro de Accidentes una para cada un dos tres días de competición e cada participante estará asegurado unicamente para o día que seleccione no momento de inscribirse.

Será responsabilidade do participante facer a Proba no día seleccionado previamente posto que so estará asegurado para ese día no horario indicado anteriormente.

A Organización conta tamén con un seguro de Responsabilidade Civil segundo se establece na Lei do Deporte de Galicia.

RESPONSABILIDADE

A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente, negligencias, así como dos obxectos de cada participante. Os participantes exoneran a organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión.

Os participantes corren baixo a súa propia responsabilidade e ética deportiva, cumprindo coas normas establecidas actualmente para a práctica de deporte ó aire libre.

O PARTICIPANTE COA INSCRIPCION DECLARA O SEGUINTE

- Encóntrome en estado de saúde adecuado para participar no II Trail dos Foucellas.

- Son coñecedor de que estou incluído en un Seguro Deportivo para o día que libremente elixín no momento da inscrición. Se decido realizar o percorrido do Trail outro día distinto será baixo a miña total responsabilidade.
- Eximo de toda responsabilidade a organización ou outras institucións participantes ante calquera accidente ou lesión que puidera sufrir antes, durante e/ou despois do evento deportivo. Renunciando desde xa a calquera acción legal en contra de calquera de ditas entidades.
- Autorizo ademais a que a organización faga uso de fotos, vídeos e nome na clasificación da proba, nos medios de comunicación, e/ou Internet e Redes Sociais. Sen esperar pago ou compensación algunha por este concepto.
- Como participante, coa inscrición manifesta encontrarse en unha forma física e mental que lle permite afrontar o esforzo, apelando ó sentido común.

Os participantes polo feito de inscribirse libre e voluntariamente declaran coñecer e aceptar plenamente o presente regulamento. En caso de dubida ou de sufrir algunha situación non reflexada no mesmo, prevalecerá o que dispoña ó efecto a Organización.

A organización poderá modificar este regulamenta, segundo as necesidades da organización para o seu óptimo desenvolvemento.

PROTECCIÓN DE DATOS

Todo participante, ao formalizar a súa inscrición, está autorizando a publicación dos seus datos persoais necesarios para o desenvolvemento da proba, xa sexa nos listados oficiais, en medios de comunicación e/ou internet, así como, o seu uso para o envío de información relativa ao evento, incluídas posteriores edicións.

Igualmente autoriza a que as imaxes recadadas (fotografía ou vídeo) se poidan utilizar de forma atemporal en calquera publicación ou acción publicitaria, co único fin de promoción e difusión do evento.

Cada participante e responsable da veracidade dos datos proporcionados na súa inscrición, e consente que ditos datos se incorporen a un ficheiro automatizado, do que é responsable **Asociación de Veciños Tabeirón de Baio**. O titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na **Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal**.